


OBRA E AUTOR : *La conjura de los necios, de John Kennedy Toole.*



DE QUE VAI : A obra, premio Pulitzer no ano 1981, narra a vida durante unhas semanas de Ignatius J. Reilly, un inadapatado social con aires a un quixote moderno e terriblemente egocéntrico ó que súa nai obriga con trinta anos a buscar traballo. Tamén pasean as súas penurias por esta obra unha serie de personaxes case tan estrambóticas como o propio Ignatius, que pintan un cadro expresionista da Nova Orleans da década dos setenta e que na súa hilaridade agochan un drama social terrible.

TÍTULO : Ó redor do título tivo lugar o primeiro de varios debates que as sabias e sabios do noso faladoiro enfrontaron con valentía e paixón, divididos entre fans e detractores de Ignatius, unha personaxe única na literatura. En xeral, podemos dicir que o título, tomado dunha cita de Johnathan Swift, resulta totalmente acertado. Onde non hai acordo é no por que deste acerto. A cita de Swift aparece na primeira páxina, explicando así o título da obra, que doutro xeito podería resultar confuso. O debate xurdeu a hora de valorar se Ignatius, o protagonista, é realmente un xenio contra o

cal todos os necios do mundo se levantan, ou se, pola contra, o protagonista cree que ten a todo o mundo contra del pero en realidade non é tan xenial se non máis ben un caradura irreverente. Deixaremos que sexades vos os que saquedes as vosas propias conclusións.

ESTRUTURA

: A estrutura é lineal no tempo e no espacio, pois todo transcurre nunhas poucas semanas nun lugar concreto, Nova Orleans. Pero plantexa varias subliñas, arredor de varias personaxes, con historias en principio independentes, que se van alternando de tal xeito que os capítulos se dividen en subcapítulos, que inda que aparentemente son algo inconexos entre si, van confluindo cara un final xenialmente resolto.

ARGUMENTO

: O argumento move-se en dous planos:

- por unha banda a historia de Ignatius, que é o eixe central de toda a obra. Ignatius é unha personaxe, sinxelamente, inolvidable, cun máis que salientable sobrepeso e un xeito de vestir moi particular, e que coa súa maneira de actuar en todos os niveis provoca nos lectores noxo e repulsa, malia que en certos momentos se poida comprender a súa postura quixotesca ante determinadas circunstancias. Falamos dun inadaptado social, pero con título universitario, que vive pechado no seu cuarto empeñado nunha enfermiza paixón por poñer por escrito a súa visión do mundo, que el soña medieval, e dos avatares que lle acontecen e que el, seguidor de Boecio, xulga froito dunha mala fortuna, que o obriga nun momento dado a abandonar a súa pechada vida e saír na busca de traballo, algo que lle orixina un millar de situacións totalmente escatolóxicas, cando non absurdas, e que teñen moitas veces como orixe a súa loita coa súa odiada amiga Myrna Minkoff por destacar na axitación social.

- e por outra banda temos as historias de varias personaxes, comezando pola propia nai de Ignatius, que parten dun xeito totalmente independente pero, como se dun cubo de rubick se tratase, pouco a pouco vanse mezclando o longo da novela, de tal xeito que o final, un final por certo sorprendente, as diferentes historias encaixan. Nesta parte, aparentemente secundaria, é onde o escritor mostra, camuflada en pasaxes e personaxes hilariantes, a imaxe máis dramática da sociedade americana do seu tempo, a que critica con moita dureza.

CONCLUSIÓN

Sen dúbida está é unha gran obra, e o premio Pulitzer ou que estea considerada unha das grandes obras da literatura estadounidense, non é nada casual. O curioso é que non resulta unha gran obra pola beleza da súa historia, que si está maxistralmente ensamblada, nin sequera pola dureza dalgunhas pasaxes, senon por Ignatius, unha personaxe ante a que é imposible quedarse impasible, e moito menos esquecerse del. Crear unha figura así está ó alcance de moi poucos autores.

Moito se debateu no faladoiro sobre esta personaxe, pero a mellor conclusión e o mellor consello que vos podemos dar é que o descubrades por vos mesmos. Haberá partes quizais nas que pensedes mandar a Ignatius e a súa insoportable maneira de actuar e de expresarse, como se fora o centro dun mundo de necios, a porra e deixar a lectura, pero non poderedes, porque é tan escatolóxico que, o final, queredes saber como sae adiante do esperpéntico motín que monta na fábrica, ou se consegue levar adiante a creación do seu partido político formado por uns homosexuais algo particulares.

Como nota de interese engadimos que hai varias similitudes entre o que lle acontece a Ignatius no libro e a propia vida do escritor que, a pesares de que petou en moitas portas antes de desistir, non puido ver a súa obra publicada, pois suicidouse anos antes de que súa nai conseguira que un escritor se fixara nela e promovera a súa publicación.